


Torre, Cabalo, Dama

Rafael Laso Lorenzo vén de publicar na colección “Fóra de xogo”, de Xerais (e con ela a serie chega ao número cento nove), a novela *Memoria contra Alzheimer*.

Desde sempre, o xadrez foi considerado desde diversos puntos de vista: como pasatempo ou entretemento, como táctico-estratéxico, como ferramenta pedagóxica, xogo-ciencia, etc., pois en cada movemento, xogada, partida... danse multitude de procesamentos de información, cálculo, organización, visualización, intuición, razoamento abstracto e concreto, análise, toma de decisións... que o converte nun vivo adestramento mental, moi positivo para o desenvolvemento de moitas habilidades e facultades mentais. Agora, ademais, moitas investigacións sinalan os beneficios que este xogo-deporte pode engadir, como prevención, contra a enfermidade que en 1906 definiron os médicos alemáns Alois Alzheimer e Emil Kraepelin, incidindo,

Estratexias contra o olvido

 XOSÉ FEIXÓ



por outra parte, en que non se coñecen casos de xadrecistas que a padezan.

Consciente disto, o autor tece unha dobre estratexia, ao facer que o protagonista xogue ao xadrez contra a memoria. E faino ao longo dunha estrutura de tres partes (“Xadrez contra alzheimer,” “Memoria contra memoria,” e “Epílogo”). Todo comeza cando o protagonista, que sae a pasear polo monte, non sabe volver; e logo seguen episodios nos que esquece o seu propio nome, a súa idade, o tempo do presente no que vive.... E

así, na novela, en que o protagonista cre ser

campión do mundo de xadrez, o seu deporte favorito, descríbense as fases do esquecemento que se van producindo no alzheimer. O personaxe que non sabe con certeza se é un xogador ou unha peza, perdendo a cada paso os recordos que o acompañaron durante a súa vida. Sábese perdedor, pero xoga, rebélase, pelexa, tenta opoñer resistencia, pero alzheimer xoga mellor, e sucumbe á súa potencia: “Xadrez contra Alzheimer..., xogamos, xogaron comigo, eu xogaba, xoguei, contigo, agora xa non xogo, non sei, non lembro todos os movementos. Hai outra persoa en min, que non son eu pero que é o que eu son. Xoán, Belarmino, Gámbito, Manuel, campión do mundo, pai, avó... ninguén... Cal é o meu nome? [...] Eu vivo sen memoria e non quero vivir sen memoria. Cando estarei morto? Torre ad8. Xaque mate.” É a fin. Mais durante o traxecto, en cada fase do proceso, poderemos escoitar os interesantes pensamentos dun xogador que se sabe vencido pola enfermidade.

LASO LORENZO, Rafael, Memoria contra Alzheimer, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 110 páxinas.